

Concello do Vigo

Asunto: notificación da resolución pola que se revisa a autorización ambiental integrada

Instalación: planta de deseño, manufactura e venda de envases e tapas de lata para industrias conserveiras

Titular: Envases Universales Ibérica, SLU

Localización: concello de Vigo (Pontevedra)

Núm. de rexistro AAI: 2008/0155_NAA/IPPC_208

Notifícolles a resolución do 08.08.2025 da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, pola que se revisa a autorización ambiental integrada a Envases Universales Ibérica, SLU. Xúntase a dita resolución como documento anexo.

Infórmoos de que a resolución tamén estará dispoñible na páxina web da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático:

<https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada>

En conformidade ao artigo 10 bis do Real Decreto 815/2013, de 18 de outubro, relativo á publicidade da autorización ambiental integrada, comunícolles que a data prevista de publicación no Diario Oficial de Galicia é 29.08.2025, para dar publicidade no taboleiro de anuncios do Concello.

Santiago de Compostela,

O xefe de Área Técnica

Manuel Salgado Blanco

DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE

Edificio Administrativo de San Lázaro
San Lázaro, s/n, 15781 Santiago de Compostela
T. 981 541 705
dxcalidadeambiental.cmot@xunta.gal
www.xunta.gal





RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL E SOSTIBILIDADE POLA QUE SE REvisa A AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA NÚM. 2008/0155_NAA/IPPC_208

Instalación: planta de deseño, manufactura e venda de envases e tapas de lata para industrias conserveiras	Procedemento: revisión da autorización ambiental integrada
Titular: Envases Universales Ibérica, SLU	Expediente: 2021-IPPC-M-3
Localización: concello de Vigo (Pontevedra)	Núm. rexistro AAI: 2008/0155_NAA/IPPC_208

ANTECEDENTES

- O 9.7.2009 outorgouse a Envases Universales Ibérica, SLU a autorización ambiental integrada con número de rexistro 2008/0155_NAA/IPPC_208 para a planta de deseño, manufactura e venda de envases e tapas de lata para industrias conserveiras situada no concello de Vigo (Pontevedra).
- O 9.12.2020 publicouse no Diario Oficial da Unión Europea a Decisión de execución (UE) 2020/2009 da Comisión, do 22 de xuño de 2020, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) conforme á Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.

Dentro das actividades desta instalación está o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, polo que procede revisar a súa autorización ambiental integrada.

- A tramitación do procedemento efectuouse de acordo co disposto no artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación.
- O 20.9.2024 publicouse no Diario Oficial de Galicia núm. 182 o anuncio do 14.8.2024, polo que se sometía a información pública a documentación para a revisión da autorización ambiental integrada. Non consta que se presentasen alegacións.
- Os órganos aos que se solicitou informe son:

Órganos consultados	Informes recibidos
Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia	Si
Concello de Vigo	Non
Servizo de Industria do Departamento Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía e Industria	Si
Augas de Galicia	Non



6. De conformidade co artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, o 7.1.2025 notificouse o trámite de audiencia ao titular para que puidera presentar os documentos e xustificacións que estimase pertinentes, no prazo establecido, antes de efectuar a proposta de resolución. A empresa accedeu á notificación en data 7.1.2025.

7. O 5.2.2025 Envases Universales Ibérica presentou un documento con aclaracións e alegacións fóra do prazo establecido, que son consideradas nesta proposta e que se resumen e valoran no Anexo I da presente resolución.

8. O 31.3.2025 o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia emitiu un informe en resposta ás alegacións presentadas polo titular.

Na mesma data, o Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia emitiu outro informe concretando a periodicidade de control dos focos emisores de COVs, de acordo co criterio xeral xa recollido na proposta de resolución.

9. Non consta que comparecesen outros interesados no procedemento.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016) (actividade incluída no anexo I, categoría 10.1).
2. O artigo 26.2 Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, establece que procede revisar as autorizacións ambientais integradas nun prazo de 4 anos a partir da publicación das conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles (MTD) en canto á actividade principal dunha instalación.
3. O 9.12.2020 publicouse no DOUE a Decisión de Execución (UE) 2020/2009 da Comisión de 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), conforme coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.
4. O artigo 16 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013) regula a tramitación da revisión das autorizacións ambientais integradas.
5. A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade é o órgano competente para a tramitación e o seguimento das actuacións derivadas das autorizacións ambientais integradas e da calidade dos solos, segundo o establecido no Decreto 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático, modificado polo Decreto 192/2024, do 20 de maio (DOG núm. 238 do 11.12.2024).

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, con base nas súas competencias, **RESOLVE:**
Revisar a autorización ambiental núm. 2008/0155_NAA/IPPC_208 para a planta de deseño, manufactura e venda de envases e tapas de lata para industrias conserveiras situada no concello de Vigo (Pontevedra).



Esta resolución inclúe a descrición, condicións, obrigas e dereitos que se indican nos seguintes apartados:

1. Datos administrativos
2. Descrición da instalación
3. Condicións xerais
4. Condicións específicas
5. Programa de vixilancia e seguimento ambiental



1. DATOS ADMINISTRATIVOS

Datos do titular		
Razón social: Envases Universales Ibérica, SLU		
NIF: B83333948		
Enderezo: Polígono Industrial El Sequero, Avenida del Ebro, parcela 9		
Provincia: La Rioja	Concello: Agoncillo	Código postal: 26150

Datos da instalación			
Denominación da instalación: Envases Universales Ibérica, SLU			
Actividade principal: planta de deseño, manufactura e venda de envases e tapas de lata para industrias conserveiras			
Enderezo: Baixada Gándara nº 32, Coruxo			
Provincia: Pontevedra	Concello: Vigo	Código postal: 36330	
UTM X (m): 518.967	UTM Y (m): 4.671.844	Fuso: 29	Datum ETRS 89
Referencia catastral: 9118968NG1791N0001RI, 9118969NG1791N0001DI			
Superficie total da parcela (m²): 54.282		Superficie ocupada pola actividade (m²): 26.078	
Vertedura de augas residuais: si (pluviais e sanitarias)		Órgano de conca: Augas de Galicia Xestor da rede de saneamento (augas residuais pluviais e sanitarias): concello de Vigo	
Sistema de xestión medioambiental: ISO 14001:2015			
Alcance: Xestión, soporte, deseño, produción e subministro de envases metálicos para o mercado alimentario e industrial.			

Categorías e rexistros da instalación/actividade	
CNAE (principal): 2592. Fabricación de envases e embalaxes metálicos lixeiros	
Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación	Categoría: 10.1
Directiva 2010/75/UE, do 24 de novembro, sobre as emisións industriais (prevención e control integrados da contaminación)	Categoría: 6.7
Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental	Non aplica (instalación existente)
Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o	Código E-PRTR: 4063





Categorías e rexistros da instalación/actividade	
subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas	
Real decreto 9/2005, do 14 de xaneiro, polo que se establece a relación de actividades potencialmente contaminadoras do solo e os criterios e estándares para a declaración de solos contaminados	Actividade afectada
Informe base (artigo 12.1.f do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro)	Presentado
Real decreto 840/2015, do 21 de setembro, polo que se aproban medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas	Non afectado
Real decreto 117/2003, do 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades	Actividade incluída (punto 8 do Anexo IIA)
Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental	Actividade afectada
NIMA (número de identificación medioambiental)	3600000486
Inscripción como pequeno produtor de residuos perigosos	SC-RP-IPPC-P-00104
	eSir: 12P01360000048600
Inscripción como pequeno produtor de residuos non perigosos	PO-I-NP-P-00006
	eSir: 12P03360000048600



2. DESCRICIÓN DA INSTALACIÓN

1. LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN XERAL

A fábrica de Envases Universales Ibérica está situada en Coruxo, Vigo, nunha zona na que predomina a actividade industrial e comercial, mesturada co uso residencial.

A parcela na que se atopa a nave ten unha superficie de 54.282 m², dos que están edificadas ao redor de 26.078 m², e está en funcionamento desde o ano 1962.

A instalación consta dunha nave de produción principal e outros servizos auxiliares, ademais dun aparcamento.



Fig. Vista aérea da planta

Envases Universales Ibérica, SLU dedica súa actividade á fabricación de envases e tapas metálicas de folla de lata para industrias conserveiras de pescado, vexetais e comidas precociñadas.

2. DESCRICIÓN DO PROCESO PRODUTIVO

En Envases Universales Ibérica o proceso desenvólvese en varias fases que se localizan en 3 áreas de produción; a zona de preparación de materiais, zona de tapas e zona de envases. A distribución móstrase no seguinte plano da planta:






Fig. Distribución das liñas na planta

- Centro de preparación de materiais:
 - Corte (1 liña)
 - Vernizado (liñas 1, 3 e 6)
 - Litografado e vernizado (liñas 4 e 5)

CORTE

As bobinas vanse almacenando, segundo chegan, nun almacén destinado para tal fin. Cando se corta unha delas, unha carretilla encárgase de transportala e situala na máquina cortadora, para o seu posterior desenrolado e cortado en follas que se utilizarán nas distintas liñas de produción da fábrica.

RECUBRIMENTO

As follas son amoreadas sobre palés de madeira, almacenados ata o seu traslado á litografía. Son introducidas nas máquinas das distintas liñas, onde se lle aplica o verniz e as tintas pasando a través de rolos impregnados do material recubridor e posteriormente introdúcense no tren de secado. Estas follas recubertas amoréanse novamente sobre *palets* preparados para entrar nas liñas da sección de envases.

A sección contaba con 7 liñas de recubrimento pero a liña 2 desmontouse en 2017 e a liña 7 está en proceso de desmantelamento na actualidade.



A liña 4 é rotativa multicolor con vernizado de sobreimpresión e secado UV, que posibilita a supresión do forno de secado térmico de combustión de gas.

O resto das liñas fan o curado/secado das láminas metálicas empregando o calor dos fornos que xeran os queimadores de combustión de gas natural a unha temperatura de 160-200°C (temperatura baixa para non xerar danos na lámina metálica polo calor polo que non é posible a recuperación de calor desta corrente gaseosa).

- Zona de Tapas
 - Tapa fácil apertura (5 liñas)
 - Tapa plana (3 liñas)
 - Tapa *Peel Seam*TM (3 liñas)
- Zona de Envases
 - Envases 2 pezas (10 liñas)
 - Envases 3 pezas (4 liñas)

FABRICACIÓN DE ENVASES E TAPAS

- Fácil apertura: inclúe as liñas que fabrican as tapas con anel para fácil apertura. Para isto, utilízanse as follas procedentes da litografía e realízanse as tapas da mesma forma que as tapas clásicas, sendo o último paso a colocación do anel. Unha vez colocado o anel, vernízase novamente, e sécase nos fornos.

- Tapa plana: son liñas destinadas a producir fondos ou tapas planas (sen anel de fácil apertura). Estes fondos destínanse aos envases de dúas ou tres pezas. As follas que se introducen nas máquinas proceden da litografía ou da zona de cizallas, e nelas efectúase o corte que lles dá forma. Aplícase unha capa de adhesivo no bordo do perímetro interior da lata, que actúa como selante, e a continuación sécanse no forno.

- Tapa *Peel Seam*: son as liñas nas que se fabrican as tapas con lámina de aluminio termoselable para comercialización *Peel Seam*. Utilizan esbozos procedentes de liñas de tapa básica ou de folla de lata proveniente da sección de litografía, e son fabricadas igual que as tapas clásicas, sendo o último paso o termoselado da lámina de aluminio. Unha vez cortada a lámina, pégase por medio de presión a alta temperatura.


Todas as tapas se embalan formando paquetes e palés.

- Envase de dúas pezas: nesta zona fábrícanse os corpos que formarán parte dos envases de dúas pezas. Entran as follas en palets, ou cortadas en bandas, procedentes das cizallas, e xéranse os envases por embutición. A peza embutida forma todo o corpo do envase no que posteriormente o cliente colocará a tapa.

- Envase de tres pezas: zonas dedicadas a realizar envases de tres pezas (fondo, tapa e o corpo do envase). Neste caso, os envases poden ter a tapa con ou sen anel de fácil apertura. As follas procedentes da litografía córtanse en bandas, que se enrolan en cilindros e se soldan. Posteriormente córtanse, dando lugar cada banda a 3 latas. Simultaneamente, unha máquina desembala os lotes de tapas e outra máquina pechadora encárgase de poñer a tapa inferior aos cilindros. Obtendo así un bote de dúas pezas. A tapa superior subminístraselles ao cliente.



A continuación, inclúese un esquema do proceso de fabricación completo:



3. DESCRIPCIÓN DE PROCESOS AUXILIARES

A planta conta con dous departamentos auxiliares, o de fotomecánica e o de corte mediante cizallas, así como cunha serie de servizos xerais como son o mantemento mecánico e eléctrico da maquinaria que forma parte das instalacións (carretillas, transformadores e compresores), contando con dúas empresas externas que teñen os talleres de traballo dentro das instalacións.

Os outros procesos auxiliares existentes na planta están relacionados co seu mantemento e limpeza, xestión de residuos, tratamento de augas, reciclaxe de disolvente usado, sistema de extinción de incendios, etc.

Contan coas seguintes instalacións:

- Fosa séptica para o tratamento de augas sanitarias
- Área de almacenamento interior de produtos químicos: dous almacéns interiores de vernices e disolventes da sección de litografía, con solo impermeabilizado e sistema de canalizacións e pendentes que derivan en cubetos subterráneos.
- Área de almacenamento exterior de produtos químicos: estantes localizados na parte exterior da planta contiguos ao almacén de produtos químicos. Contan con teito e están situados sobre chan pavimentado con cubetos de contención aéreos de aceiro inoxidable adecuados para os riscos asociados.
- Almacén exterior de residuos perigosos con teito, pavimento de formigón e cubeto de retención subterráneo que conta con pendente e arqueta de recollida.
- Sistema de reciclaxe de disolvente usado

Xestión da auga

Na instalación non se xeran augas residuais industriais dado que non se emprega auga nos procesos que se realizan na planta.

As augas residuais xeradas son:



- Aguas residuais fecais: procedentes dos aseos e vestiarios do persoal de planta, que son tratadas nunha fosa séptica previo ao seu vertido ao saneamento municipal.
- Aguas pluviais: procedentes da cuberta da nave e canalizadas polo interior dela cara ao saneamento municipal.

Co obxecto de reter os posibles derramos e fugas, a planta conta cun sistema de recollida de posibles vertidos accidentais.

Sistema de tratamento de gases para a redución de COVs (TERMO OXIDADOR)

Nas instalacións de Envases Universales Ibérica faise unha separación dos gases de saída, de modo que aqueles xerados na sección de litografía con concentracións de COVs elevadas se canalizan ao termo oxidador rexenerativo para o seu tratamento, mentres que aqueles que se xeran na sección de envases non contan con equipos de redución de emisións.

O oxidador rexenerativo foi instalado no 2007. Esta instalación de tratamento de gases dispón dun sistema de queimador que emprega gas natural para o inicio do proceso de tratamento dos gases mediante termo oxidación. Una vez comenzado o proceso, o queimador de gas natural deixa de funcionar e a propia instalación funciona co calor dos gases dos fornos de curado/secado, que son os que o alimentan. Ademais, conta con tres torres que conteñen material cerámico absorbente, as cales son intercambiadores de calor, quentados alternativamente mediante os propios gases de escape producidos pola oxidación (reacción exotérmica), e periodicamente revértese o fluxo para quentar o aire de entrada ao oxidador.

4. CAPACIDADE, PRODUCCIÓN E CONSUMO DE RECURSOS

Produto final		Capacidade máxima (ud)	Produción ano 2023 (ud)
LITOGRAFÍA	Follas vernizadas	93.484.800	49.526.726
	Follas Impresas	87.415.200	39.632.082
Total litografía		180.900.000	89.158.808
FABRICACIÓN DE ENVASES	Tapas fácil apertura	1.248.607.440	714.262.454
	Tapa plana	668.882.448	282.866.723
	Tapa <i>Peel Seam</i>	383.089.824	125.986.902
	Envases 2 pezas	640.003.516	165.274.129
	Envases 3 pezas	751.791.456	288.096.600
Total envases		3.692.374.684	1.576.486.808

Para a capacidade máxima de fabricación descrita, o consumo de disolvente sería de 1.200 toneladas. Para o ano 2023, o consumo de disolvente foi de 500 toneladas.

Materia prima	Ano 2023 (kg)
Bobina folla de lata	16.682.690
Cinta de anel	1.405.744
Bobinas de aluminio ⁽¹⁾	90.012





Materia prima	Ano 2023 (kg)
Verniz	821.407
Disolvente	123.145
Goma	224.858
Tintas	12.546
Lubricantes	11.651

⁽¹⁾ Non se están a fabricar envases en aluminio, pero podería retomarse a actividade no futuro.

Recurso	Ano 2023
Electricidade (Kwh)	7.516.031
Gas natural (Kwh)	13.734.026
Auga (rede municipal e dous pozos propios) (m ³)	2.901 ⁽²⁾

⁽²⁾ Solo procedente da rede municipal, non se usa auga dos pozos dispoñibles



3. CONDICIÓN XERAIS

1. PRODUCCIÓN E XESTIÓN DE RESIDUOS

Contarase coas inscricións que correspondan no Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, manteranse actualizadas e cumpriranse cos condicionantes recollidos nestas.

En todo caso, deberanse cumprir en todo momento as prescricións que sobre residuos se establecen na normativa de aplicación para as actividades inscritas, así como nas disposicións e instrucións que se diten nas Administracións do Estado e da Xunta de Galicia en materia de residuos.

2. REXISTRO ESTATAL DE EMISIÓN CONTAMINANTES

A instalación está afectada polo Real decreto 508/2007, do 20 de abril, polo que se regula o subministro de información sobre emisións do Regulamento E-PRTR e das autorizacións ambientais integradas (BOE núm. 96 do 21.04.2007) polo que o titular debe comunicar a información requirida anualmente vía telemática ao rexistro galego PRTR de emisións (REGADE-Sección PRTR).

A notificación incluírá todas as substancias do anexo II do antedito real decreto que polos seus procesos, materias primas e combustibles empregados poidan ser emitidas ou vertidas. O órgano ambiental considera, para as substancias que non declare, que a instalación afirma que non son parte da emisión ou vertido que podería demostralo documentalmente.

Ademais, nesta notificación deberase incluír polo menos:

- Para o caso de contaminantes medidos: norma que contén ao método de medida, número de medidas (en caso de mostraxes non continuas) e todos os parámetros necesarios para obter o valor declarado de carga máscica anual (resultados en masa/volume normalizado e en base seca, horas de funcionamento do foco ou proceso do que proceda e resultados en kg/ano ou t/ano).
- Para o caso de contaminantes calculados: indicaranse as fontes dos métodos de cálculo e factores de emisión aceptados nos ámbitos nacionais e internacionais e representativos do sector industrial, así como os datos do proceso industrial para determinar a carga máscica das instalacións, todo a fin de poder validar os resultados.
- Para o caso de contaminantes estimados: indicaranse en que se fundamentan as estimacións non normalizadas, así como cantos datos do proceso industrial deben ser tidos en conta para determinar a carga máscica das emisións.

3. INFORMES DE SITUACIÓN DO SOLO

A instalación está dentro do ámbito de aplicación do Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados (DOG núm. 57 do 24.3.2009). De acordo co disposto no artigo 5 do antedito decreto, o titular da instalación está obrigado a remitir un informe de situación cada 5 anos. Este informe deberá presentarse dentro dos 3 meses anteriores á data de expiración do prazo.



Ademais, conforme co establecido no artigo 10.2 do Real decreto 815/2013, do 18 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de emisións industriais e de desenvolvemento da Lei 16/2002, do 1 de xullo, de prevención e control integrados de la contaminación (BOE núm. 251 do 19.10.2013), como mínimo cada dez anos presentarase un control periódico do solo. Previamente á súa realización, deberase presentar a esta dirección xeral unha proposta para a súa aprobación.

4. CONDICIÓNIS DE EXPLOTACIÓN EN SITUACIÓIS DISTINTAS DAS NORMAIS E EN CASO DE ACCIDENTE/INCIDENTE

Sen prexuízo das medidas que o titular deba adoptar en cumprimento do seu plan de autoprotección, a normativa de protección civil, de prevención de riscos laborais, do seu plan de emerxencia exterior no marco das medidas de control dos riscos inherentes aos accidentes graves nos que interveñan substancias perigosas, ou de calquera outra normativa de obrigado cumprimento que afecte á instalación e da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007), o titular da instalación deberá:

a) Ante situacións de explotación que poidan afectar ao medio ambiente ou con posibles repercusións na saúde das persoas, como nos casos de posta en marcha e/ou parada, derramos de materias primas, subprodutos de orixe animal, residuos, vertidos ou emisións á atmosfera superiores ás admisibles, fallos de funcionamento ou paradas temporais:

- Dispor dun plan específico de actuacións e medidas para as condicións de explotación distintas ás normais, co fin de previr ou, cando isto non sexa posible, minimizar os danos ao medio ambiente e as posibles repercusións na saúde das persoas.
- Comunicar inmediatamente ao órgano de cunca e ao órgano ambiental competente calquera anomalía na actividade e/ou nas instalacións de depuración de augas residuais que poidan orixinar un vertido, autorizado ou non, en condicións inadecuadas ou que poida supor a realización dun *by-pass* de augas non tratadas. Simultaneamente, adoptaranse as actuacións e medidas necesarias para corrixila no menor tempo posible, debendo cesar o vertido de inmediato.
- Comunicar inmediatamente ao órgano ambiental competente os casos de desaparición, perda ou escape de residuos perigosos, os incidentes na instalación que poidan afectar negativamente á calidade do solo, así como calquera emisión á atmosfera non incluída na autorización ou que supere os límites establecidos, adoptando simultaneamente as actuacións e medidas necesarias para corrixilas.

Dentro destas medidas considerárase, no caso de ser necesario, a suspensión da actividade.

b) No caso de accidente, adoptar as medidas recollidas nos plans de emerxencia, realizando as comunicacións inmediatas que procedan aos diferentes organismos que deban intervir. Dentro destas comunicacións incluírase o órgano ambiental competente.

Ademais, nun prazo máximo de 48 horas, realizaranse as ditas comunicacións por escrito indicando: tipo de incidencia/accidente ou suceso, localización, causas, hora na que se produciu e duración; no caso de vertido accidental: caudal e materias vertidas; no caso de superacións de límites: datos de



emisións; estimación dos danos causados; medidas correctoras adoptadas; medidas preventivas para evitar a súa repetición; prazos previstos para a aplicación efectiva de medidas preventivas. Finalizado o suceso, nun prazo máximo de 30 días a contar dende este, presentárase un informe detallado coas medidas adoptadas debidamente acreditadas, persistencia dos problemas e propostas de solución para evitar a súa repetición.

5. INSPECCIÓN DE SEGUIMIENTO

De acordo co disposto no capítulo III do Real decreto 815/2013 ao longo da vixencia da autorización realizaranse inspeccións de seguimento da actividade para verificar o cumprimento das condicións establecidas nesta.

Sen detrimento do anterior, en todo momento e sen previo aviso, poderase acceder á instalación e realizar as inspeccións que se estime convenientes para comprobar o cumprimento das condicións impostas nesta autorización.

6. REVISIÓN SUCESIVA DA AUTORIZACIÓN AMBIENTAL INTEGRADA

Á instalación aplícalle o procedemento de revisión da autorización ambiental integrada regulado no artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2016:

- O órgano ambiental competente revisará as condicións da autorización ambiental integrada nun prazo de 4 anos a partir da publicación de novas conclusións relativas ás mellores técnicas dispoñibles, en canto á principal actividade da instalación. A revisión terá en conta todas as conclusións relativas aos documentos de referencia MTD aplicables á instalación, dende que a autorización fora concedida, actualizada ou revisada.
- Se a instalación non está cuberta por ningunha das conclusións relativas ás MTD, as condicións da autorización revisaranse e, de selo caso, adaptaranse cando os avances nas mellores técnicas dispoñibles permitan unha redución significativa das emisións.
- A autorización revisárase de oficio nos supostos sinalados no apartado 4 do dito artigo 26.

7. COMUNICACIÓN DE MODIFICACIÓNS NA INSTALACIÓN E DE CAMBIO DE TITULARIDADE

O titular da instalación deberá comunicar ao órgano ambiental competente calquera modificación, substancial ou non, que se propoña realizar na instalación, de conformidade co disposto nos artigos 10 do Real decreto legislativo 1/2016 e 14 do Real decreto 815/2013.

No caso de modificacións substanciais deberá actualizar a análise de riscos medioambientais, de conformidade co regulado no artigo 34 da Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental (BOE núm. 255 do 24.10.2007).

Ademais, tamén deberá comunicar a transmisión ou cambio de titularidade da instalación, aportando a documentación acreditativa e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. O novo titular continuará nas mesmas condicións da autorización ambiental integrada en vigor, de maneira que non será considerada como unha nova instalación.



8. CESAMENTO TEMPORAL

O titular deberá presentar unha comunicación previa ao cesamento temporal da actividade, total ou parcial. No caso de ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce aquel. Durante este período deberán cumprir coas condicións establecidas na autorización ambiental integrada en vigor que lle sexan aplicables. Poderá reanudar a actividade de acordo coas condicións da autorización, previa presentación dunha comunicación. O cesamento temporal non poderá superar os 2 anos dende a súa comunicación.

9. CESAMENTO DEFINITIVO E PECHE DA INSTALACIÓN

O titular comunicará o cesamento definitivo da actividade, total ou parcial, ao órgano ambiental competente cunha antelación mínima de 6 meses á data prevista.

No caso de ter varias actividades autorizadas indicará en cal delas se produce o cesamento. Se este afectase a todas as actividades, producirase o peche da instalación. Xunto coa dita comunicación, de ser o caso, deberá presentar o proxecto completo de desmantelamento das instalacións para a súa aprobación.

Este proxecto deberá conter, polo menos, unha previsión das actuacións para o desmantelamento de equipos e infraestruturas en función do uso posterior do terreo, unha descrición dos tipos e cantidades de residuos a xerar durante o desmantelamento, xestión, planificación temporal das actuacións, presuposto previsto para todas as operacións, unha proposta de seguimento e control ambiental e o informe de situación de solos regulado no artigo 5 do Decreto 60/2009. En particular, deberá darse cumprimento ao artigo 23 do Real decreto legislativo 1/2016.

Tras a avaliación da antedita documentación o órgano ambiental competente establecerá as condicións que lles aplican a estas actuacións.

10. RESPONSABILIDADE MEDIOAMBIENTAL

O operador ten a obriga de cumprir as premisas establecidas na Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade medioambiental e na súa normativa de desenvolvemento.

11. INCUMPRIMENTO DAS CONDICIÓNS DA AUTORIZACIÓN

O incumprimento das condicións recollidas na resolución suporá a adopción das medidas de disciplina ambiental recollidas no título IV do Real decreto legislativo 1/2016, sen prexuízo do establecido na lexislación sectorial, que seguirá sendo aplicable.

12. OUTRAS AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

Esta autorización ambiental outórgase sen prexuízo de terceiros e sen prexuízo das demais autorizacións e licenzas que sexan esixibles polo ordenamento xurídico vixente.



4. CONDICIÓNES ESPECÍFICAS

1. MELLORES TÉCNICAS DISPOÑIBLES (MTDS)

A actividade que se desenvolve na instalación está dentro do alcance da Decisión de Execución (UE) da Comisión do 22 de xuño de 2020 pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD), conforme coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as emisións industriais, para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.

Na seguinte táboa recóllense as técnicas descritas na citada decisión que aplican á actividade e o grao actual de cumprimento por parte do titular. No caso de que apliquen varias técnicas e o documento estableza a posibilidade de implantar unha ou unha selección, recóllense as técnicas implantadas:

MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
1. Conclusións xerais sobre MTD			
1.1. Sistema de xestión ambiental			
1	Implantar un sistema de xestión ambiental.	Si	Envases Universales Ibérica dispón dun sistema de xestión ambiental (SXA), certificado de acordo á norma ISO 14001 que reúne todos os puntos mencionados nesta técnica.
1.2. Comportamento ambiental global			
2	Para mellorar o comportamento ambiental global, en particular no relativo ás emisións de COV e consumo de enerxía a MTD consiste en: - Identificar as zonas/seccións/fases do proceso que máis contribúen ás emisións de COV e ao consumo de enerxía. - Identificar e poñer en marcha medidas para minimizar as emisións de COV e o consumo de enerxía. - Actualizar periodicamente a situación e realizar un seguimento da execución das medidas determinadas.	Si	A planta ten identificadas as partes do proceso que máis contribúen ás emisións de COVs e consumo de enerxía na identificación de aspectos ambientais e mediante rexistro no SXA. Isto sucede nas vernizadoras e a litografía. O SXA implica a posta en marcha de medidas que, dentro do proceso de mellora continua, supoñan un incremento da eficiencia enerxética e diminución do consumo de COV. As actualizacións son realizadas mediante visitas de seguridade e nas auditorías internas. Os indicadores de emisións de COVs e consumo de enerxía, así como o resto dos recollidos no SXA, actualízanse anualmente nun rexistro.
1.3. Selección de materias primas			
3	Para evitar ou reducir o impacto ambiental das materias primas utilizadas, a MTD consiste en utilizar as dúas técnicas descritas a continuación:		
	a) Utilización de materias primas cun	Si	Envases Universales Ibérica determina os





MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
	impacto ambiental baixo.		aspectos ambientais asociados aos seus produtos para identificar aqueles que teñen un impacto significativo e así establecer obxectivos. Para isto empréganse esquemas de fluxos ou lista de equipos críticos e avalíanse os impactos que producen, revisándose anualmente ou cando existan modificacións significativas na actividade, produtos ou servizos na empresa. A avaliación dos aspectos ambientais realízase empregando o procedemento de aspectos ambientais, aínda que está limitado polas esixencias do cliente.
	b) Optimización do uso de disolventes no proceso.	Si	A empresa dispón dun Plan de Xestión de Disolventes no SXA, do que se derivan as medidas necesarias de optimización. Así mesmo, dispón dun inventario dos vernices e disolventes empregados que se actualiza anualmente.
4	Para reducir o uso de disolventes, as emisións de COV e o impacto ambiental xeral das materias primas utilizadas, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas a) a h)		
	c) Uso de pinturas/recubrimentos/vernices/tintas/adhesivos curados por radiación	Si	As tintas usadas na liña 4 de litografado son de secado ultravioleta, e non conteñen disolventes. A técnica de recubrimentos en po aplícase en tres das catro liñas da sección de envases de tres pezas. Reduce o uso de disolventes xa que neste proceso o recubrimento interno que se aplica para crear unha barreira entre o metal e o contido da lata se compón de po fino e se cura en fornos térmicos.
	f) Uso de recubrimentos en po	Si	
1.4. Almacenamento e manipulación de materias primas			
5	Para evitar ou reducir as emisións fuxitivas de COV durante o almacenamento e a manipulación de materiais que conteñan disolventes ou de materiais perigosos, a MTD consiste en aplicar todas as técnicas a) a g)		
	Técnica de xestión	Si	O SXA inclúe un procedemento co plan de actuación ante derramos ou fugas de produtos químicos que cubre os pequenos e grandes derramos.
	a) Elaboración e posta en marcha dun plan para a prevención e control de fugas e derramos.		
	Técnica de almacenamento	Si	b) Os disolventes, materiais perigosos e disolventes usados almacénanse en contedores selados, adecuados para os riscos asociados e reducir as emisións ao mínimo. Os dous primeiros almacénanse na sección de litografía en dous almacéns
	b) Selado ou recubrimento de contedores e zonas de almacenamento confinadas.		



MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
	c) Redución ao mínimo do almacenamento de materiais perigosos en zonas de produción.		específicos para vernices e disolventes. Algúns depósitos de disolventes tamén se localizan nun espazo de almacenamento exterior. Os disolventes usados localízanse nun espazo específico para residuos perigosos, nun almacén exterior. So se realiza manipulación de produtos no primeiro almacén que conta con extracción de gases, o resto son de almacenamento. c) Nas zonas de produción so se dispón da cantidade de disolvente necesaria para a produción, tratándose de bidóns que dispoñen dunha tapa onde se localiza o sistema de condución ás liñas de vernizado.
	d) Técnicas para evitar as fugas e os derramos durante o bombeo.	Si	Para evitar fugas e derramos durante o bombeo utilízanse equipos de bombeo e selado que garanten a estanquidade. As operacións de bombeo realízanse baixo supervisión de operador. A técnica f) non aplica, o disolvente entrégase en depósitos selados, non se realizan procesos de enchido e baleirado de tanques. A implantación da técnica g) queda xustificada coas medidas indicadas no apartado Técnicas de xestión a). Os métodos de contención de derramos ou absorción rápida usados son, segundo o procedemento de actuación: sepiolita, follas e tubulares absorbentes, almofadas absorbentes, obturadores de sumidoiros, e os cubetos de retención.
	e) Técnicas para evitar os desbordamentos durante o bombeo.		
	f) Captura de vapor de COV durante a entrega de material que conteña disolvente.		
	g) Contención de derramos ou absorción rápida ao manipular materiais que conteñan disolventes.		
1.5. Distribución de materias primas			
6	Para reducir o consumo de materias primas e as emisións de COV, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas a) a f)		
	c) Subministro de materiais con COV no punto de aplicación, utilizando un sistema pechado.	Si	A aplicación dos vernices realízase desde bidóns localizados de forma contigua ao punto de aplicación. Este subministro faise por medio do sistema de bombeo estanco.
	e) Agrupación por cores	Si	Intenta planificarse a secuencia de produtos para lograr agrupar aos da mesma cor.
1.6. Aplicación de recubrimentos			
7	Para reducir o consumo de materias primas e o impacto ambiental xeral dos procesos de aplicación de recubrimentos, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas a) a p)		
	Técnicas de aplicación distintas da	Si	Aplicación mediante o uso de rolos para





MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
	pulverización a) Recubrimento con rolo		transferir ou subministrar o recubrimento líquido sobre unha banda en movemento. Empregase na sección de litografía: o verniz e as tintas aplícanse con rolos sobre a folia de lata; e na sección envases de 3 pezas: aplícase una capa de verniz solo no cordón de soldadura dos envases.
	Técnicas de pulverización atomizada l) Pulverización con ou sen aire con asistencia electrostática	Si	Utilízase para a aplicación do verniz po na sección de envases tres pezas.
	Automatización da aplicación por pulverización p) Aplicación con máquinas	Si	Utilizan máquinas de pintar para manipular a pistola de pulverización. Pulverízase verniz na parte exterior das liñas de fácil apertura (solo na incisión da tapa, para evitar problemas de oxidación).
1.7. Secado/curado			
8	Para reducir o consumo de enerxía e o impacto ambiental xeral dos procesos de secado/curado, a MTD consiste en aplicar unha ou varias das técnicas a) a f)		
	d) Curado por radiación. f) Secado/curado por convección combinado con recuperación del calor.	Parcial	Liña nº 4 Curado por radiación: Forno de curado por radiacións UV. Liñas nº 1, 3, 5 e 6: Secado/curado por convección sen recuperación de calor. As emisións de COV condúcense por convección ao oxidador térmico, que funciona a unha temperatura determinada, e por tanto non é posible realizar una recuperación previa de calor.
1.8. Limpeza			
9	Para reducir as emisións de COV derivadas dos procesos de limpeza, minimízase o uso de axentes de limpeza en base disolvente é utilizar unha combinación das técnicas da a) a k)		
	b) Limpeza manual con baetas preimpregnadas	Si	Utilízanse baetas preimpregnadas con axentes de limpeza para unha limpeza manual en base disolvente.
	g) Purgado con recuperación do disolvente	Si	Envases Universales Ibérica ten un contrato cunha empresa externa dun servizo integral para a limpeza e desengrase de pezas, e conta con dous dos seus equipos de limpeza que conteñen un sistema de recirculación de líquido que permite a súa reutilización.
1.9. Monitorización			
10	Monitorizar as emisións totais e fuxitivas de COV, a lo menos unha vez ao ano, un balance de masa de disolvente das entradas e saídas de disolventes da instalación, segundo o previsto na		





MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
	parte 7, punto 2, do anexo VII da Directiva 2010/75/UE, e reducir ao mínimo a incerteza dos datos sobre o balance de masa de disolvente ao utilizar todas as técnicas seguintes		
	a) Identificación e cuantificación íntegras das entradas e saídas de disolventes pertinentes, incluída a incerteza conexas.	Si	Envases Universales Ibérica conta cun Plan de Xestión de Disolventes. A través del, realízase un cálculo de balance de masa de disolvente, no cal identifica e cuantifican as entradas e saídas de disolventes, realizando un cálculo de emisións difusas, rexistrando os focos e as concentracións das emisións de COV medidas anualmente. Con isto cuantifícanse as emisións confinadas, difusas e totais, e compáranse (tendo en conta que é una instalación existente con equipo de redución por incineración) cos límites de emisión establecidos.
	b) Posta en marcha dun sistema de monitorización de disolventes.	Si	Segundo o indicado no procedemento interno <i>Control de COVs</i> e conforme ao punto 3. <i>Emisións á atmosfera</i> desta resolución. Ademais, dentro do Plan de Xestión de disolventes realízase un balance de masa de disolvente para cada ano, de maneira que se controlen tanto as cantidades de disolventes utilizadas como as non utilizadas.
	c) Monitorización dos cambios que poderían afectar á incerteza dos datos sobre o balance de masa do disolvente.	Si	Lévase a cabo un rexistro das horas de funcionamento anual, rexistrando as intervencións de mantemento por funcionamento anormal de equipos, denominados mantementos correctivos e paradas programadas.
11	Monitorizar as emisións de gases residuais de acordo a normas EN.	Si	Segundo o establecido no apartado 3. <i>Emisións á atmosfera</i> desta resolución.
12	Monitorizar as emisións á auga de acordo a normas EN.	Non	as instalacións de Envases Universales Ibérica non se producen vertidos de augas residuais industriais debido a que non se utiliza agua no proceso.
1.10. Emisións durante CDCNF			
13	Para reducir a frecuencia con que se producen CDCNF e as emisións durante CDCNF, a MTD consiste en utilizar as técnicas seguintes		
	a) Identificación de equipos críticos.	Si	Todos os equipos críticos están recollidos no Plan de mantemento da instalación no cal se definen as tarefas de inspección, mantemento e monitorización para cada equipo e a súa periodicidade.
	b) Inspección, mantemento e monitorización.	Si	
1.11. Emisións a través de gases residuais			





MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
14	Para reducir as emisións de COV procedentes das zonas de produción e almacenamento, a MTD consiste en utilizar a técnica a) e unha combinación das técnicas b) a h).		
	a) Selección, deseño e optimización dos sistemas.	Si	Nas instalacións de Envases Universales Ibérica faise unha separación dos gases de saída, de modo que aqueles xerados na sección de litografado con concentracións de COV elevadas se canalizan ao termo-oxidador rexenerativo para o seu tratamento, mentres que aqueles que se xeran na sección de envases non contan con equipos de redución de emisións.
	d) Extracción de aire dos procesos de secado/curado.	Si	
	g) Extracción de aire dos lugares de almacenamento de materias primas, disolventes e residuos que conteñan disolventes.	Si	Segundo o indicado na MTD 5, tan so nun dos almacenes de produtos químicos (almacén de manipulación e trasfego) se realizan operacións que implican a apertura dos envases que conteñen os ditos produtos. Neste almacén existe un sistema de extracción. No resto de almacéns hai envases estancos e homologados, e nunca se realiza a súa apertura.
15	Para reducir as emisións de COV a través dos gases residuais e aumentar a eficiencia no uso dos recursos, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas da a) a i).		
	II. Tratamento térmico dos disolventes contidos nos gases de saída con recuperación de enerxía	Si	f) En 2007 realizouse a instalación dun oxidador rexenerativo
	f) Oxidación térmica rexenerativa con múltiples torres ou cun distribuidor de aire xiratorio sen válvula		
16	Para reducir o consumo de enerxía do sistema de redución de COV, a MTD consiste en utilizar unha ou varias das técnicas da a) a d).		
	a) Mantemento da concentración de COV enviada ao sistema de tratamento dos gases de saída utilizando ventiladores de propulsión de frecuencia variable	Si	O termo-oxidador dispón dun variador de frecuencia no ventilador de tiro que se adapta ao contido de COV.
17	Para reducir as emisións de NOx a través dos gases residuais e limitar as emisións de CO procedentes do tratamento térmico dos disolventes dos gases de saída, a MTD consiste en utilizar a técnica a) ou as técnicas a) e b).		
	a) Optimización das condicións de tratamento térmico (deseño e funcionamento).	Si	A instalación de tratamento de gases dos fornos de vernizado/litografado dispón dun sistema de queimador que emprega gas natural para o inicio do proceso de tratamento dos gases mediante termo oxidación. Una vez comenzado o proceso, o queimador de gas natural deixa de



MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
			funcionar e a propia instalación funciona cos gases dos fornos de secado/curado, que son os que o alimentan.
18	Para reducir as emisións de partículas a través de gases residuais procedentes da preparación da superficie do substrato, o cortado, a aplicación do recubrimento e os procesos de acabado para os sectores e procesos enumerados no cadro 2, a MTD é utilizar unha ou varias das técnicas da a) a e)		
	a) Cabina de pulverizado con separación húmida (descarga dunha cortina de impacto). b) Lavado húmido. c) Separación en seco do exceso de pulverización co material previamente revestido. d) Separación en seco do exceso de pulverización mediante filtros. e) Precipitador electrostático.	Non	A empresa aplica o verniz mediante rolos en toda a planta, excepto nas <i>liñas de fácil apertura</i> , onde se pulveriza na tapa. O consumo de verniz nestas liñas non supera o 3 % sobre o consumo total de verniz polo que non se considera necesario a aplicación de medidas adicionais.
1.12. Eficiencia enerxética			
19	Para realizar un uso eficiente da enerxía, a MTD consiste en utilizar as técnicas a) e b) e unha combinación das técnicas c) a h)		
	a) Plan de eficiencia enerxética.	Si	Tanto o balance de enerxía como os indicadores actualizaranse de forma anual como parte do SXA. Na planta fanse auditorías enerxéticas periódicas (cada catro anos) onde se calcula o consumo de enerxía específico da planta e se establecen medidas de mellora.
	b) Rexistro do balance enerxético.	Si	
	e) Recuperación de calor das correntes de gas quente.	Si	Para reducir o consumo de enerxía do sistema de redución de COV, nas instalacións de Envases Universales Ibérica utilízase un termo-oxidador que funciona cos gases dos fornos de secado/curado, que son os que o alimentan, e co calor que se desprende da propia oxidación dos COVs (reacción exotérmica), co que se aforra enerxía primaria.
	f) Axuste das correntes de aire de proceso e gases de saída.	Si	
1.13. Consumo de auga e xeración de augas residuais			
20	Para reducir o consumo de auga e a xeración de augas residuais dos procesos acuosos, a MTD consiste en utilizar a técnica a) e unha combinación das técnicas b) a c)		
	a) Plan de xestión de auga e auditorías hídricas. b) Aclarado en cascada inverso c) Reutilización ou reciclado da auga	Non	Na instalación de Envases Universales Ibérica non se producen vertidos de augas residuais industriais debido a que non se utiliza auga no proceso.
1.14. Emisións á auga			



MTD	Descrición	Aplica á instalación	Grao de implantación
21	Para reducir as emisións á auga ou facilitar a reutilización e o reciclado da auga dos procesos acuosos, a MTD consiste en utilizar unha combinación das técnicas a) a n)	Non	Na instalación de Envases Universales Ibérica non se producen vertidos de augas residuais industriais debido a que non se utiliza auga no proceso.
1.15. Xestión de residuos			
22	Para reducir a cantidade de residuos enviados para a súa eliminación, a MTD consiste en utilizar as técnicas a) e b) e unha das técnicas c) e d)		
	a) Plan de xestión de residuos	Si	O SXA certificado conta cun procedemento de xestión de residuos, e instrucións de identificación e segregación, con contidos análogos a un Plan de Xestión de Residuos.
	b) Monitorización das cantidades de residuos	Si	Mantense un rexistro actualizado, con información anual, das cantidades de residuos xeradas para cada tipo de residuo, determinando o contido de disolvente dos residuos mediante cálculo.
	c) Recuperación/reciclado de disolventes	Si	En Envases Universales Ibérica lévase a cabo a destilación de disolventes para reutilizalos no proceso. Esta medida realízase mediante un servizo integral para a limpeza e o desengraxado de pezas contratado cunha empresa externa.
1.16. Emisións de olores			
23	Para evitar ou reducir a emisión de olores, a MTD consiste en establecer, aplicar e revisar periodicamente un plan de xestión de olores como parte do SXA	Non	Non se prevén nin se confirmaron molestias debidas a olores en receptores sensibles

2. SISTEMAS DE XESTIÓN AMBIENTAL

A instalación manterá un sistema de xestión ambiental normalizado conforme á Norma UNE-EN-ISO 14001 e certificado por entidade acreditada. Este sistema ten que cumprir coas prescricións recollidas na Decisión de execución (UE) 2020/2009 da Comisión, do 22 de xuño de 2020, pola que se establecen as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles (MTD) para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, de conformidade coa Directiva 2010/75/UE do Parlamento Europeo e do Consello.

3. EMISIÓNS Á ATMOSFERA

De acordo co disposto na Lei 34/2007, do 15 de novembro, de calidade do aire e protección da atmosfera, as actividades levadas a cabo na instalación están catalogadas como:





Actividade	GRUPO	CÓDIGO
Aplicacións de pinturas ou recubrimentos na industria non incluídas en epígrafes anteriores con c.c.d. > 200 t/ano ou de 150 kg/hora	A	06 01 08 01

3.1 Descrición dos focos emisores canalizados á atmosfera

Descrición de focos emisores canalizados á atmosfera			
Foco	Proceso	Combustible	Pot. térmica nominal
FA1A-Revernizado	Revernizado – Liña FA1 Tapas de fácil apertura	--	--
FA1B-Forno	Forno secado vernizado – Liña FA1 Tapas de fácil apertura	Gas natural	5 fornos, cada un deles 70 kWt
FA2A-Revernizado	Revernizado – Liña FA2 Tapas de fácil apertura	--	--
FA2B-Forno	Forno secado vernizado Liña FA2 Tapas de fácil apertura	Enerxía eléctrica	--
FA3A + FA5A-Revernizado	Revernizado - Liña FA3 e FA5/T Tapas de fácil apertura	--	70 kWt
FA3B + FA5B Forno	Forno secado vernizado - Liña FA3 e FA5 Tapas de fácil apertura	3 fornos conectados 1 forno 70 kWt gas natural 2 fornos eléctricos	70kWt
FA4A-Revernizado	Aspiración revernizado Liña FA4 Tapas de fácil apertura	--	--
FA4B-Forno	Forno secado vernizado - Liña FA4 Tapas de fácil apertura	Gas natural	3 fornos cada un deles de 70kWt
S1 Saída Forno 1	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S1 Saída Forno 2	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S2-Revernizado	Revernizado Envases de tres pezas	--	--
S2 Forno	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S3 Saída Forno 1	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S3 Saída Forno 2	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S4 Saída Forno 1	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
S4 Saída Forno 2	Aspiración forno Envases de tres pezas	Gas natural	40,6 MWt
Cheminea fumes soldadura	Soldadura	--	--



Descrición de focos emisores canalizados á atmosfera			
Foco	Proceso	Combustible	Pot. térmica nominal
(activo <5% de operatividade proceso)			
Cheminea xeral litografía	Parte traseira fornos secado litografía	Gas natural	(1)
Termo-oxidor (gas natural)	Litografía	Gas natural	1,2 MWt

(1) Esta cheminea está conectada a catro fornos: L1: 2MWt, L3: 2MWt, L5: 2MWt, L6: 2,2MWt

Descrición de focos emisores canalizados á atmosfera					
Foco	Tratamento ao final da liña	Altura (m)	Diámetro (m)	Coordenadas UTM ETRS89	
				X	Y
FA1A-Revernizado	Non dispón	12,5	35	518.843	4.671.673
FA1B-Forno	Non dispón	12,5	50	518.844	4.671.674
FA2A-Revernizado	Non dispón	12	24	518.842	4.671.686
FA2B-Forno	Non dispón	12	24	518.844	4.671.687
FA3A + FA5A-Revernizado	Non dispón	11,5	50	518.826	4.671.695
FA3B+ FA5B Forno	Non dispón	11,5	50	518.826	4.671.695
FA4A-Revernizado – Aspiración revernizado	Non dispón	12	40	518.847	4.671.654
FA4B-Forno	Non dispón	12	50	518.846	4.671.674
S1 Saída Forno 1	Non dispón	12,5	24	518.834	4.671.755
S1 Saída Forno 2	Non dispón	12,5	24	518.844	4.671.774
S2-Revernizado	Non dispón	12,5	24	518.832	4.671.749
S2 Forno	Non dispón	12,5	24	518.831	4.671.748
S3 Saída Forno 1 Aspiración	Non dispón	12,5	24	518.828	4.671.743
S3 Saída Forno 2	Non dispón	12,5	24	518.821	4.671.758
S4 Saída Forno 1	Non dispón	12,5	24	518.827	4.671.734
S4 Saída Forno 2	Non dispón	12,5	24	518.821	4.671.747
Cheminea fumes soldadura	Non dispón	Non se dispón de datos		518.937	4.671.760
Cheminea xeral litografía	Non dispón	35	2,8	518.786	4.671.680
Termo-oxidor	Oxidación térmica rexenerativa	12	1,3	518.786	4.671.660

3.2 Consumo de disolventes

As actividades que se desenvolven en Envases Universales Ibérica están suxeitas ao Real Decreto 117/2003, de 31 de xaneiro, sobre limitación de emisións de compostos orgánicos volátiles debidas ao uso de disolventes en determinadas actividades:

Actividade	Limiar (consumo de disolventes en t/ano)
Outros tipos de recubrimento, incluído o recubrimento de metal, plástico, téxtil, tecidos, películas e papel .	> 15



3.3 Valores límite de emisión

3.3.1 Compostos orgánicos volátiles (COVs)

Parámetro	Unidades	Valor límite de emisión (media anual)
Emisións fuxitivas de COV, calculadas por balance de masa de disolvente	Porcentaxe (%) da entrada de disolvente	12

3.3.2 Emisións canalizadas

Os valores límite de emisión están referidos ás seguintes condicións: 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión e gas seco.

A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase conforme: A media dos resultados das medicións realizadas no período de mostraxe non supera o valor límite de emisión.

- Valor límite de COVs

Foco	Parámetro	Unidade	Valores límite de emisión
Focos COVs (Todos os focos da táboa do apartado 3.1 excepto cheminea de fumes de soldadura)	COVT	mg C/Nm ³	20

- Incinerador Termo oxidor

Foco	Substancia	Unidades	Valor límite	Condicións
Termo-oxidor	Partículas	mg/Nm ³	3	Medicións descontinuas
	NOx	mg/Nm ³	130	
	CO	mg/Nm ³	150 (*)	

(*) A título indicativo. Non constitúe un valor límite de emisión.

O rango de funcionamento óptimo do Termo oxidor, segundo as características facilitadas polo fabricante, é a partir de 750°C. Conta cun sistema de alarma que informa cun sinal luminoso cando a temperatura non está dentro do rango óptimo.

- Partículas

Para os focos nos que se realiza aplicación de recubrimento mediante pulverización (liñas de tapas de fácil apertura) cumprírase o seguinte valor límite:

Foco	Substancia	Unidades	Valor límite	Condicións
FA1A-Revernizado FA2A-Revernizado FA3A + FA5A-Revernizado FA4A-Revernizado	Partículas	mg/Nm ³	3	Medicións descontinuas

Os valores límite de emisión están referidos ás seguintes condicións: 273,15 K de temperatura, 101,3 kPa de presión e gas seco.



A verificación do cumprimento dos valores límite de emisión realizarase conforme: a media dos resultados das medicións realizadas no período de mostraxe non supera o valor límite de emisión.

3.4 Caracterización en gases de combustión na cheminea xeral de litografado

Na cheminea xeral de litografado indican que existen fornos conectados cunha potencia térmica total de 8,2 MWt funcionando con gas natural. Deberán realizar unha caracterización en gases de combustión (NOx e CO), e unha vez analizados os datos decidirse a necesidade de establecer valores límite e a periodicidade de medicións.

Esta medición deberá realizarse nun prazo de seis meses a partir da notificación da resolución.

3.5 Vixilancia e control ambiental

3.5.1 Balance de masas

Parámetro	Unidades	Valor límite de emisión (media anual)
Emisións fuxitivas de COV, calculadas por balance de masa de disolvente	Porcentaxe (%) da entrada de disolvente	12

Realizarán o balance de masa de disolvente anualmente a través da plataforma informática REGADE COVs.

3.5.2 Emisións canalizadas

- Focos de COVs

Os focos emisores de COVs realizarán as seguintes medicións:

Parámetros e contaminantes obxecto de control mediante medicións manuais por OCA			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
FA1A-Revernizado	Cada tres anos	Temperatura de gases	°C
FA1B-Forno		Presión en conduto	mmHg
FA2A-Revernizado		Velocidade de gases	m/s
FA2B-Forno		Humidade dos gases	%V
FA3A + FA5A-Revernizado		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm³/h
FA3B + FA5B Forno			
FA4A-Revernizado		Osíxeno	%V
FA4B-Forno			
S1 Saída Forno 1			
S1 Saída Forno 2			
S2-Revernizado			
S2 Forno			
S3 Saída Forno 1			
S3 Saída Forno 2			
S4 Saída Forno 1	Anual	COVT	(mgC/Nm³) (Kg/h)
S4 Saída Forno 2			
Cheminea xeral litografía	Anual	COVT	(mgC/Nm³) (Kg/h)



A periodicidade establecida estará sometida a cambios segundo evolucionen as emisións dos focos seguindo o criterio xeral de monitorización, segundo:

- Os focos con carga inferior a 10kgC/hora e superior a 0,3 kgC/hora deberán como mínimo realizar unha medición anual.
- Os focos con carga inferior a 0,3 kgC/hora deberán como mínimo realizar unha medición cada tres anos.
- Os incineradores deberán medirse anualmente.

- Incinerador Termo-oxidor

Parámetros e contaminantes obxecto de control externo mediante medicións manuais por OCA			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
Termo-oxidor	Anual 3 medicións de 1 hora de duración cada unha delas	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
		Velocidade de gases	m/s
		Humidade dos gases	%V
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h
		Osíxeno	%V
		COVT	(mgC/Nm ³) (Kg/h)
		Partículas	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		NOx	(mg/Nm ³) (Kg/h)
		CO	(mg/Nm ³) (Kg/h)

- Medición de partículas nos focos de aplicación de recubrimento mediante pulverización

Parámetros e contaminantes obxecto de control externo mediante medicións manuais por OCA			
Foco	Periodicidade	Parámetro	Unidades
FA1A-Revernizado FA2A-Revernizado FA3A + FA5A-Revernizado FA4A-Revernizado	Con periodicidade trienal tres medicións de como mínimo unha hora de duración (*)	Temperatura de gases	°C
		Presión en conduto	mmHg
		Velocidade de gases	m/s
		Humidade dos gases	%V
		Caudal de gases en condicións normais e base seca	Nm ³ /h
		Osíxeno	%V
		COVT	(mgC/Nm ³) (Kg/h)
		Partículas	(mg/Nm ³) (Kg/h)



(*) O tempo de medición será o axeitado para o comportamento da emisión considerada, dependendo da concentración esperada que se vai medir. Para alcanzar un límite de cuantificación adecuado, unha única medida de duración igual ou superior a tres horas, poderá substituír ás tres medidas, sempre que se realice en condicións representativas de funcionamento de proceso. Neste caso o tempo de medición será dun mínimo de 3 horas.

Os sitios e seccións de medición nos focos emisores deben cumprir coa instrución técnica seguinte: IT/FE/DXCAA/09: "Acondicionamento da sección de medida en focos emisores á atmosfera". A xustificación desta IT e con resultado favorable debe formar parte do informe de medicións realizado polo OCA.

A mostraxe e análise de todos os contaminantes e parámetros de proceso realizarase conforme ás normas EN, salvo especificación. No caso de non estar dispoñibles as normas EN aplicaranse normas ISO ou outras normas nacionais ou internacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalente.

Para gases de combustión acéptase a técnica de células electroquímicas (excepto non incinerador Termo oxidor no que se deberán utilizar normas EN para a medición).

NORMAS DE MEDICIÓN

Parámetro	Norma
Partículas	EN-13284-1
COVT EN-12619	EN-12619
NOx (No incinerador)	EN-14792
CO (No incinerador)	EN-15058

3.5 Información das emisións á atmosfera

Deberán declarar de forma anual, antes do 31 de marzo do ano seguinte, o consumo de disolvente na plataforma Regade COV's que será empregada como unha ferramenta de cálculo a modo informativo, enderezo web : <https://cov.xunta.gal/>

Deberase informar directamente ao Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia das emisións a través da plataforma informática eREGADE-CAPCA, na plataforma Gaia (<https://gaia.xunta.es/plataforma/>)

Os informes de control das OCAS de medición deben estar anexados na plataforma informática eREGADE-CAPCA, excepto os informes de COVS que se anexarán na plataforma Regade COVS. Este rexistro manterase actualizado en todo momento. A nomenclatura dos focos no Regade Capca será coincidente coa nomenclatura que figura nesta resolución de AAI para facilitar o seguimento.

No caso de que nos informes dos OCAS a declaración de conformidade fronte a valores límite de emisións á atmosfera sexa non conforme, o titular poñerá en coñecemento desta dirección xeral, nun prazo non superior a dous días hábiles desde a recepción do informe, remitindo o informe do OCA e xuntando a proposta de medidas correctoras e o prazo de execución das mesmas, así como a



data do novo control de emisións para verificar a eficacia da implantación das devanditas accións correctoras.

4. RUIDO

4.1. Valores límite

Non se poderán emitir nin transmitir niveis de ruído tales que produzan valores de recepción superiores aos establecidos no Real decreto 1367/2007, do 19 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 37/2003, do 17 de novembro, do ruído (BOE núm. 254 do 23.10.2007), así como en calquera outra normativa de aplicación que se dite en materia de contaminación acústica.

4.2. Vixilancia e control ambiental

Co fin de acreditar o cumprimento dos valores límite realizaranse con periodicidade ANUAL medicións do nivel de presión sonora no horario de funcionamento da instalación, dentro dos períodos definidos na ordenanza municipal e coincidindo cos intervalos de máxima actividade.

Os puntos de control son os que se recollen na seguinte táboa:

	Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29	
	X	Y
1	518.915	4.671.623
2	518.777	4.671.652
3	518.810	4.671.826
4	518.927	4.671.827
5	519.012	4.671.659

Sempre que se introduza algunha modificación na instalación ou proceso que poida afectar ao nivel de presión sonora realizarase unha campaña de control, dando traslado dos resultados, da súa valoración e, no seu caso, dunha proposta de vixilancia e control a esta dirección xeral.

Os informes de avaliación da contaminación acústica conterán un anexo co contido especificado no artigo 12 do Decreto 106/2015, do 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia (DOG núm. 145 do 3.8.2015).

5. VERTIDOS

De acordo co declarado polo titular, a xestión realizada das augas residuais xeradas nas instalacións é a seguinte:

- a) Augas pluviais: están conectadas á rede municipal.
- b) Augas industriais: non se xeran augas residuais industriais, dado que non se emprega auga nos procesos que se realizan na planta.
- c) Augas sanitarias: vértense aos colectores municipais, previo paso por unha fosa séptica.



O punto de entronque destas augas co colector municipal é o seguinte:

Tipo de augas	Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29	
	X	Y
Augas sanitarias	519.105	4.671.993
Augas pluviais	518.838	4.671.827

5.1 Valores límite

Os límites máximos permitidos no vertido dos efluentes á rede de saneamento son os recollidos no Decreto 141/2012, do 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais de Galicia, ou os establecidos polo xestor da rede naqueles parámetros que sexa máis restritivos.

6. SOLOS E AUGAS SUBTERRÁNEAS

6.1. Sistemas e procedementos para evitar a contaminación

Manteranse en perfecto estado de revisión os cubetos de seguridade fronte a derramos de substancias perigosas, procedéndose á recollida inmediata de todo derramo accidental que puidera afectar ao solo.

As prácticas e operacións de carga e descarga de produtos perigosos realizaranse sobre superficies impermeables provistas de fosos de retención de vertidos accidentais.

A actividade industrial así como os almacenamentos de substancias realizaranse sobre pavimento formigonado e impermeabilizado, levando a cabo constantes labores de mantemento co obxecto de evitar a infiltración no solo e a afección as augas subterráneas.

Ante calquera posible afección aos solos que puidera xurdir de procesos como fugas, derramos, roturas de depósitos, conducións ou calquera incidente derivado da incorrecta manipulación de materias e residuos, estableceranse actuacións e plans de acción para a súa corrección.

6.2. Vixilancia e control dos solos e das augas subterráneas

Para o control da calidade dos solos e das augas subterráneas, continuarase coa determinación periódica da calidade das augas subterráneas nos puntos de control existentes na instalación, localizados nas coordenadas UTM recollidas na seguinte táboa:

	Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)	
	X	Y
P-1	518.994	4.671.640
P-2	518.959	4.671.761
P-3	518.864	4.671.837



Coordenadas UTM (ETRS89, fuso 29)		
	X	Y
P-4	518.797	4.671.768
P-5	518.955	4.671.760

Os parámetros de control para as augas subterráneas serán como mínimo:

Parámetros augas subterráneas
pH, condutividade, nivel freático, carbono orgánico total, nitróxeno amoniacal, TPH (C5-C35) tendo que realizarse a separación de cadeas alifáticas e aromáticas, benceno, tolueno, etilbenceno, xilenos (BTEX), hidrocarburos aromáticos policíclicos (PAH), fenois, PCB, hidrocarburos haloxenados, bencenos clorados, cloronitrobencenos, pesticidas, metais (As, Cd, Cr, Cu, Hg, Ni, Pb, Zn).

Os controis periódicos deberán ser realizados por entidades coa acreditación para a toma de mostrax de augas subterráneas, de acordo ao establecido no apartado 4 do artigo 60 da *Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia*. As determinacións analíticas deberán ser realizadas por laboratorios acreditados segundo a norma UNE-EN ISO/IEC 17025, para todos os parámetros que se determinen, de conformidade co artigo 22 do *Decreto 60/2009, do 26 de febreiro, sobre solos potencialmente contaminados e procedemento para a declaración de solos contaminados*.

Os piezómetros deberán permanecer operativos durante toda a vida útil da instalación, realizándose as operacións de mantemento necesarias cara a garantir a súa permanencia. Revisaranse as tapas exteriores para evitar a entrada de elementos externos, e realizarase o desenvolvemento de cada un dos piezómetros co fin de eliminar os finos que se puideran acumular e tupir a tubaxe de PVC.

A mostraxe das augas subterráneas será representativa das condicións do acuífero e incluírá os pertinentes bombeos de volume de auga para garantir a súa representatividade, determinándose cunha periodicidade **ANUAL**.

O informe da mostraxe dos controis periódicos deberá recoller as coordenadas de situación dos puntos de mostraxe (sistema ETRS 89, fuso 29), describir os antecedentes e instalacións do establecemento, os posibles incidentes ou modificacións que houbera, a metodoloxía de inspección e toma de mostrax, incluíndo a previa determinación da situación do nivel freático e a posible presenza, e no seu caso, espesor de produto libre, así coma unha reportaxe fotográfica ilustrativa das instalacións e dos traballos realizados. Os puntos de mostraxe situaranse sobre un plano das instalacións que deberá estar orientado e con escala gráfica e numérica, incluíndose un plano coa piezometría.

No caso de producirse algún incidente ou accidente que poida afectar ao solo, ou de realizarse estudos do solo ou das augas subterráneas, probas de estanquidade, revisións, ou balances con resultado negativo, deberá comunicalo a esta dirección xeral coa maior brevidade posible, sen prexuízo das medidas de emerxencia que se adopten.



Está prohibido botar calquera produto nos piezómetros existentes nas instalacións, se esta actuación non se atopa amparada por un proxecto de recuperación aprobado por esta dirección xeral ou sen a previa autorización do organismo de conca.

Se como resultado das análises efectuadas se detectasen zonas de solo ou augas contaminadas estableceranse, de acordo con esta dirección xeral, criterios de avaliación de riscos e plans de acción para o seu control.



5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

1. RESPONSABLE DO CONTROL DO PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

A instalación debe contar cun responsable do control do cumprimento do plan de vixilancia incluído nesta autorización.

O cambio do responsable será comunicado a esta dirección xeral no momento en que se produza.

2. METODOLOXÍA DE MEDICIÓN E ENSAIOS

Salvo indicación expresa noutro sentido, as tomas de mostras e as análises serán efectuadas por un organismo de control acreditado, seguindo a metodoloxía establecida en normas EN, UNE-EN, UNE e, en ausencia destas, noutras normas internacionais ou nacionais que garantan a obtención de datos de calidade científica equivalentes.

Os métodos analíticos deben permitir alcanzar os límites de detección cuantitativos e cualitativos necesarios para valorar as concentracións presentes con seguridade.

3. PRESENTACIÓN DA MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

O titular elaborará unha memoria do seguimento ambiental realizado para cada semestre natural do ano, que se remitirá a esta dirección xeral no prazo máximo de 3 meses dende a finalización do semestre:

- A memoria ten que asinala un representante legal da instalación ou o responsable do cumprimento do plan de vixilancia da autorización ambiental integrada.
- Os informes incluídos estarán asinados polo/s técnico/s competente/s responsable/s da súa elaboración.
- A memoria debe vir acompañada dunha folla de cálculo editable onde se recollan todos os datos obtidos nas medicións realizadas.

A documentación presentarse en formato electrónico, organizada en arquivos/carpetas que faciliten a súa revisión.

Utilizarase a sinatura electrónica recoñecida.

4. CONTIDO DAS MEMORIA DE SEGUIMENTO AMBIENTAL

As memorias recollerán os controis realizados no semestre que corresponda, de acordo coas periodicidades establecidas nesta resolución.

Os informes dos controis analíticos deberán especificar os procedementos de mostraxe e os métodos analíticos empregados.





Contido da memoria semestral	
Responsable	Identificación do responsable do cumprimento do seguimento ambiental.
Plano	Plano sobre ortofoto no que se delimite a instalación e se localicen os puntos de control. Recollerá as coordenadas UTM ETRS89 dos ditos puntos e a orientación.
Sistema de xestión ambiental	Resultado da auditoría externa do sistema de xestión medioambiental. Cando o certificado expire, acompañarase do certificado para o novo período.
Datos de explotación (memoria segundo semestre)	⌚ Producción anual das distintas unidades de proceso e % respecto da capacidade total. ⌚ Consumo de disolvente en toneladas/ano do ano transcorrido e expresión gráfica de evolución de consumo desde o inicio da actividade. ⌚ Consumo específico de enerxía (kWh/m² superficie recuberta) vs NCAA-MTD (niveis de consumo específico de enerxía asociados ás mellores técnicas dispoñibles).
Emisións á atmosfera (memoria segundo semestre)	⌚ Cumprimento da periodicidade dos controis de emisións á atmosfera recollidos nesta resolución. No caso de non ter dado cumprimento xustificárase. ⌚ Valoración do cumprimento dos valores límite de emisión, con datos e expresión gráfica dos resultados desde o ano que se outorga esta autorización, incluíndo tamén datos e gráficos de caudal de gases nas condicións requiridas nesta autorización e osíxeno en (%V). ⌚ Estudo das desviacións respecto do anterior: No caso de que as emisións non cumprisen cos valores límite establecidos ou que se detectase algunha desviación anómala nos valores obtidos, deberase incluír unha análise das posibles causas, detalle das medidas correctoras que foran posto en práctica, data da implantación e avaliación da súa efectividade.
Ruído	Resultados dos controis e informe valorativo cando corresponda.
Solos e augas subterráneas	Boletíns analíticos dos controis e informe valorativo cando corresponda.
Desviacións	Estudo das desviacións ocorridas, indicando as posibles causas, detalle das medidas correctoras adoptadas, data de implantación e análise da súa efectividade
Modificacións	Descrición das modificacións/melloras executadas ⁽¹⁾ , xunto con planos explicativos (de ser necesario)
Incidentes/Accidentes	Relación dos sucesos acontecidos, descrición e data na que se comunicaron formalmente
⁽¹⁾ Esta memoria non exige ao titular de efectuar a comunicación previa formal que se indica nas obrigas xerais desta resolución	



5. ARQUIVO DA INFORMACIÓN

Salvo indicación expresa noutro sentido, os resultados dos controis requiridos nesta autorización serán arquivados na planta e mantidos durante un período mínimo de 10 anos a partir do final do ano de referencia de que se trate, debendo facilitarse á administración en caso de que esta os requira.

Santiago de Compostela,

María José Echevarría Moreno

A directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

Esta resolución notificarase e publicarase no DOG na forma prevista no artigo 24 do Real decreto legislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316 do 31.12.2016).

Contra esta resolución, que non pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer, no prazo dun mes, recurso de alzada ante a conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, de conformidade co disposto nos artigos 112.1, 121 e 122 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE núm. 236 de 2.10.2015).



ANEXO I: ALEGACIÓNS RECIBIDAS NO TRÁMITE DE AUDIENCIA: RESUMO E VALORACIÓN

A continuación resúmense as alegacións presentadas por Envases Universales Ibérica, SLU e valóranse en base ás consideracións técnicas feitas polo Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia:

Alegación 1: No relativo aos focos canalizados á atmosfera, Envases Universales Ibérica, SLU indica que na táboa onde se describen estes focos existen unha serie de erros, polo que achegan de novo a dita táboa corrixida.

Valoración: Acéptase a alegación feita polo titular e corríxese a táboa dos focos canalizados á atmosfera.

Alegación 2: O titular solicita que para os valores límite de emisión dos focos se consideren os valores impostos no Real Decreto 117/2003. Alegan que se impón o valor de emisión atmosférica de 20 mg/Nm³ de COVs para todos os focos de emisión atmosférica da táboa do apartado 3.1, excepto a cheminea de fumes de soldadura, baseado no valor de referencia recollido no documento de conclusións sectorial, e considerando que todos os focos de emisión atmosférica están dentro deste documento.

Indican ademais o seguinte:

1. Que os focos da liña de tapas e os da liña de tres pezas non están recollidos no documento sectorial, xa que non constitúen unha operación de vernizado e/ou litografado, senón un "retoque" tras operacións previas para a fabricación do produto.
2. Que a clasificación dos focos é tipo C ou tipo (-) pola súa pouca relevancia pola potencia dos fornos ou consumo de disolvente.
3. Que o funcionamento destas liñas varía de forma significativa.
4. Que as emisións en carga máscica (kg/hora) non son elevadas, dado que estes focos teñen sistemas de evacuación dun caudal reducido, o que pode facer que existan valores superiores a 20 mg/Nm³ en concentración puntual pero valores de carga máscica baixa.

Polo indicado, o titular solicita que se consideren os valores límite impostos no Real Decreto 117/2003 en lugar do recollido no documento de conclusións sobre as MTDs para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos.

Valoración:

Considérase que o "retoque" forma parte do proceso global de fabricación do envase e que ten un consumo de disolvente e unhas emisións que se deben ter en conta. Enténdese que todos os procesos relacionados co recubrimento con consumo de disolvente están incluídos no documento de conclusións.

A clasificación en grupos C ou tipo (-) non supón que se deixen de aplicar os valores límite asociados ás MTD correspondentes, xa que a clasificación en grupos non está contemplada dentro do documento de conclusións de MTD no sector de consumo de disolventes.



O titular debe asegurar que dentro do tempo de funcionamento cumpren as MTD de aplicación en aras a que as súas emisións se correspondan coas asociadas ás melloras técnicas dispoñibles.

En canto á baixa potencia térmica nominal dos fornos, este feito xa se ten en conta na aplicación de valores límite de emisión e monitorización de emisións relacionadas cos gases producidos polos equipos de combustión dos fornos.

No que se refire á alegación de que os valores de carga máscica son baixos, estes valores xa foron tidos en conta para establecer a frecuencia de monitorización dos focos emisores recollida na MTD 11:

- Os focos con carga inferior a 10 kgC/hora e superior a 0,3 kgC/hora deberán como mínimo realizar medición anual.
- Os focos con carga inferior a 0,3 kgC/hora deberán como mínimo realizar medición cada tres anos.
- Os incineradores deberán medir anualmente

Por todo o indicado, considérase que se deben aplicar os valores límite relacionados cos niveis de emisión asociados ás mellores técnicas dispoñibles para o tratamento de superficies con disolventes orgánicos, incluída a conservación da madeira e os produtos derivados da madeira utilizando produtos químicos (Decisión de Execución (UE) 2020/2009 da Comisión de 22 de xuño de 2020).

Polo tanto, non se acepta a alegación presentada.

